



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2023.00587

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS DO TERRITORIO PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL_FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR) – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU_PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL (E3.A8/E4.A10/E4.A13/E4.A16/E4.A18), EXPEDIENTE PCO.001.2023.00587. LOTE 2: ESTUDO DO TERRITORIO PARA A "IMPLANTACIÓN DE INDICADORES ETIS (EUROPEAN TOURISM INDICATOR SYSTEM) E MODELO DE XESTIÓN DTS" (E4.A10).

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data de 9 de maio de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00587, LOTE: 1, 2, 3, 4, 5 acordou admitir na licitación as seguintes ofertas:

A36196418	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	LOTES 1 e 3
B70534573	GOODLIFE, S.L.	LOTES 2, 4 e 5
B70455423	GREEN DROP GLOBAL CONSULTING, S.L.	LOTE 4
B63124523	KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L.	LOTE 3
B15895626	OUVIRMOS, S.L. FACTORY	LOTE 1
B13818083	PHYGITAL DEST, S.L.	LOTES 4 e 5
B15829443	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	LOTES 2, 3, 4 e 5
B70159660	SHERPA PROJECT, S.L.	LOTE 2

E a inclusión provisional das empresas:

B36974988	HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L	LOTES 2 e 5
B47685490	SEEKETING, S.L	LOTES 1, 2, 3, 4 e 5

Outorgándolles trámite de audiencia co fin de que poidesen subsanar a documentación presentada

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 23 de maio de 2024, á vista da contestación ofrecida polas empresas requeridas de subsanación, acordou:

2.1 Declarar incluída na licitación á empresa HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L.

2.2. Excluir da licitación á empresa SEEKETING, S.L por non presentar correctamente a documentación requerida.

3º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 20 de xuño de 2024 acordou, en relación co expediente PCO.001.2023.00587 LOTE 2, eliminar da licitación á empresa SHERPA PROJECT, S.L. por non acadar a puntuación mínima esixida para pasar á fase II segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

4ª.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 21 de xuño de 2024 acordou, en relación co expediente PCO.001.2023.00587 LOTE 2, outorgar trámite de audiencia aos licitadores HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L e VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L. para que xustificaran as súas ofertas, que contiñan valores anormalmente baixos.

5º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 12 de xullo de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00587 LOTE 2, á vista do informe técnico emitido polo Servizo de promoción económica, turismo e emprego, considerou xustificada a oferta de HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L e acordou propoñer a adxudicación á dita empresa, que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do contrato de SERVICIOS PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS DO TERRITORIO PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL_FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR) – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU_PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL (E3.A8/E4.A10/E4.A13/E4.A16/E4.A18), EXPEDIENTE PCO.001.2023.00587. LOTE 2: ESTUDO DO TERRITORIO PARA A "IMPLANTACIÓN DE INDICADORES ETIS (EUROPEAN TOURISM INDICATOR SYSTEM) E MODELO DE XESTIÓN DTS" (E4.A10).

6º.- Mediante Resolución da Presidencia 31453 de data 26 de xullo de 2024 requiriuse a HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida na que consta a autorización a Deputación Provincial da Coruña para reter do prezo do contrato como medio para constituir a garantía definitiva, ata o importe do 5% do prezo de adxudicación IVE excluído, que no presente caso ascende ao importe de 500,00 € (5% do prezo, excluído o IVE), así como a autorización á Deputación Provincial da Coruña para reter do prezo do contrato o importe de 100,00 € (1% do prezo, excluído o IVE) en concepto de garantía complementaria como consecuencia do carácter anormalmente baixo da oferta.

RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión da oferta presentada por SEEKETING, S.L por non presentar correctamente a documentación requerida, así como ratificar a exclusión da oferta presentada por SHERPA PROJECT, S.L. por non acadar a puntuación mínima esixida para pasar á fase II segundo segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

3º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación o contrato de:

SERVICIOS PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS DO TERRITORIO PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL_FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR) – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU_PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

LOTE 2: ESTUDO DO TERRITORIO PARA A "IMPLANTACIÓN DE INDICADORES ETIS (EUROPEAN TOURISM INDICATOR SYSTEM) E MODELO DE XESTIÓN DTS" (E4.A10).

EXPEDIENTE PCO.001.2023.00587.

Código proxecto 2022.3.81990.3

Eixe 4. Competitividade

Actuación 10. Estudo do territorio para a "Implantación de indicadores ETIS (European Tourism Indicator System) e modelo de xestión DTS

Codificación E4.A10

Á empresa HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L. con NIF B36974988 e domicilio en Vigo, calle Torrecedeira nº 63, código postal 36202, nas seguintes condicións:

2.1 Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

2.2 Prezo:

A) Prezo sen IVE:	10.000,00 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	2.100,00 €
C) Prezo total:	12.100,00 €

2.3 Prazo de execución: A duración do contrato será de dous meses dende a data de formalización do contrato en documento administrativo.

2.4 Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo:

LOTE 2: 0510/4326/22699

Número de operación	Orzamento IVE incluído	Prezo IVE incluído	Economía
A 220240013949	13.370,43 €	12.100,00 €	1.270,43

Sin perxuízo dos reaxustes contables que procedan unha vez formalizado o contrato de referencia.

O contrato finánciase con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado por la Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR) de acordo co establecido no seguinte convenio de colaboración asinado o 5 de outubro de 2022:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEANEXTGENERATIONEU

2.5 De conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as seguintes ofertas:

B15829443	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L..
B70534573	GOODLIFE FACTORY, S.L.
B70159660	SHERPA PROJECT, S.L.
B36974988	HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L.

A empresa HIDRIA, CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L. presentou a oferta con mellor relación calidade-prezo e, en virtude desta resolución, é a adxudicataria deste contrato. As características e vantaxes da súa proposición que determinaron que fose seleccionada a súa oferta son as seguintes:

No referente aos criterios non avaliados de forma automática obtivo 71 puntos, obtendo a mellor puntuación.

Polo que respecta ao criterio de valoración automática, obtivo a 8,87 puntos, segunda mellor puntuación.

3º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos que se lle indique, advertíndolle de que si non cumpriese os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde ou día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente